

Todas as persoas teñen, temos, os mesmos dereitos de uso sobre a cidade, xa que a mobilidade afecta a toda a cidadanía, sexa cal sexa a nosa idade, xénero ou condición socioeconómica. Hai factores que poden influír no tipo de mobilidade e mesmo nalgúns casos limitala, pero a necesidade e/ou dereito a desprazarse é a mesma para tod@s.

Por iso todas as formas de desprazamento son importantes na mobilidade urbana e como tal deben ser atendidas. Debemos facer da nosa vila un lugar seguro e cómodo, recuperando as rúas como puntos de encontro social, aprendendo a convivir e a compartir os espazos.

Milagros Lantes Seara **concelleira de Planificación e Mobilidade Urbana**

ORGANIZA



COLABORAN

Club Ciclista Carballo a un Paso, Club Ciclista Monteneme, Agrupación Deportiva Media Ducia, ONCE, Asociación Íntegro, Asociación Deportiva Un Paso Máis, Policía Local

Semana Europea da Mobilidade

16-22 setembro 2016
Carballo



Sabías que...?

A Semana Europea da Mobilidade

é unha iniciativa da Comisión Europea que se celebra en máis de 2.000 cidades e que pretende facernos reconsiderar o paradigma da mobilidade urbana.

O lema deste ano é **Mobilidade Intelixente. Economía Forte.**

Carballo súmase a esa celebración cun programa de actividades para toda a cidadanía, pensado para que ti tamén participes.

Venres, 16

17.30 horas
Fórum Carballo

Merenda-festa para os nenos e nenas do Camiño Escolar de Carballo, coa actuación do mago Dani Polo.

Sábado, 17

16.30 horas
Praza do Concello

Pequerruta en bicicleta polo paseo do río Anllóns ata Bértoa.

Organiza: AD Media Ducia



Luns, 19

17.00 horas
Praza do Concello

Circuíto de seguridade viaria en bicicleta para nenas/os e maiores. Ruta en bici dende a praza ata a Biblioteca Rego da Balsa e o complexo deportivo Carballo Calero.

Coordinan: CC Carballo a un Paso, CC Monteneme, AD Media Ducia e Policía Local

Martes, 20

11.00 horas
Centro de saúde

Ruta-chequeo á accesibilidade dende o centro de saúde ata a Praza do Concello

12.00 horas
Rúa Valle-Inclán

Proba a andar nunha cadeira de rodas ou cos ollos vendados.

Colaboran: ONCE, Íntegro e Un Paso Máis

Mércores, 21

17.00 a 20.00 horas
Praza do Concello e rúas da contorna

Xogamos?

Trae a túa bici, os patíns... o que queiras. Hoxe a rúa é túa.

Animación e xogos tradicionais.

20.30 horas
Ruta urbana polo centro de Carballo guiada por Xan Fernández Carrera

Xoves, 22

20.30 horas
Fórum Carballo

Foro Voz

Camiñando cara a accesibilidade universal. Mesa redonda.